



FICHA DA ACCIÓN

Entidade promotora: Concellaría de Comercio do Concello de Santiago de Compostela.

Secretaría técnica: Correveydile S.C.

Data: Domingo 11 de maio.

Obxecto: Xornada de dinamización do pequeno comercio compostelán a través da presentación, exhibición e venda das novas coleccións primavera-verán 2014 dos comercios da cidade en diversos espazos do Pazo San Lorenzo.

Horario: de 11h. a 21h.

Potenciais participantes: Pequenos comercios ubicados no municipio de Santiago de Compostela pertencentes, preferentemente, aos sectores de moda téxtil, calzado, complementos, perfumerías, produtos *gourmet*/ alimentación e florarías.

BASES DE PARTICIPACIÓN

Dereitos dos participantes:

1. O Concello de Santiago de Compostela a través da Concellaría de Comercio organiza a xornada **Estrea Estilo!** co obxecto de dinamizar e favorecer as vendas no comezo da tempada primavera-verán do comercio da cidade. Poderán participar na actividade pequenos comercios de moda téxtil, moda calzado, moda complementos (xoiería, bixutería, gafas, marroquinería, etc.), perfumerías, produtos *gourmet* e florarías preferentemente, sen excluír a outros posibles sectores, con tenda física no municipio de Santiago de Compostela, que lean e acepten as presentes bases de

participación, envíen completamente cuberto o [FORMULARIO ONLINE](#) dentro do prazo de inscrición, resulten elixidas segundo os criterios de admisión, e reciban a correspondente notificación da súa selección.

2. A inscrición previa realizarase mediante o envío do formulario online que se atopa neste [LINK](#), establecéndose como data límite para a recepción de solicitudes toda a xornada do venres 25 de abril.

3. Os comercios poderán solicitar toda a información que precisen para valorar a súa participación no evento no seguinte contacto (e-mail: comercio@santiagodecompostela.org. Teléfonos: 649 610 692; 606 955 797).

4. O total de participantes quedará establecido nun total de 40 comercios máximo a determinar entre as solicitudes recibidas no prazo estipulado e segundo os criterios que abaixo se indican.

5. Establécense como sectores preferentes ou prioritarios o sector téxtil, de calzado, complementos, perfumería, produtos *gourmet* e florarías, aínda que non se exclúen outras tipoloxías de comercios.

6. A participación e asignación de espazo aos distintos comercios solicitantes establecerase seguindo a orde de inscrición, a representatividade dos distintos sectores, favorecendo así a heteroxeneidade e atractivo da oferta, e as características dos espazos dispoñibles, procurando que haxa a maior diversidade e complementariedade posible para atraer a públicos e clientes de todas as idades e preferencias.

7. Establécese un máximo de comercios participantes por sector que, salvo cambios ou modificacións decididos pola Organización para o correcto e idóneo desenvolvemento da xornada, será de forma aproximada o seguinte:

-Máximo de comercios de moda téxtil (home, muller, infantil, deportiva, cerimonia, lencería etc.): 12.

- Máximo de comercios de moda calzado: 6.
- Máximo de comercios de moda complementos e perfumería: 8.
- Máximo de comercios *gourmet*/ alimentación: 10.
- Máximo de comercios de flores e plantas: 4.

8. Cada comercio poderá optar a participar inscribíndose en varias categorías se así o requirira a oferta de produtos da súa tenda. Nese caso deberá indicar na solicitude de inscrición a orde de prelación entre elas (1ª, 2ª, 3ª...), tendo en conta que a marcada como 1ª deberá corresponderse sempre coa actividade principal ou produto maioritario do establecemento e trasladarse do mesmo xeito á iniciativa. A participación a través das demais categorías solicitadas unicamente será posible se así o autoriza a Organización trala correspondente solicitude por parte do comerciante.

9. Terán preferencia de participación na actividade **Estrea Estilo!** os pequenos comercios con tenda física na cidade non pertencentes a cadeas ou grandes grupos que operen baixo un mesmo nome comercial ou franquías.

10. Os comercios finalmente escollidos para presentar, exhibir e vender os seus produtos, pezas e coleccións na xornada **Estrea Estilo!** serán ubicados nun dos diferentes espazos interiores ou exteriores do Pazo San Lorenzo, atendendo para este reparto a criterios establecidos pola Organización en función das necesidades dos distintos sectores, das características da localización e das previsións metereolóxicas para o domingo 11 de maio.

11. A Organización prestará a cada comerciante unha mesa, unha cadeira, unha estrutura expositiva tipo estantería, un cobertor para protexer a mesa, uniformizar e embelecer a estética do evento, e un cartel identificativo co nome do seu comercio que deberán empregar durante a xornada todos os participantes.

12. Os comercios pertencentes ás categorías de **téxtil** contarán cunha mesa de eco-deseño en cartón de medidas 1'35m x 0,50m e 0,80m de alto, unha cadeira, un mantel cobertor, unha cartela identificativa e unha estrutura expositiva en forma de estantería-casiña de medidas 1'93m. (alto), 1,20m. (ancho) e 0,25m. de profundidade


cada balda, cun total de nove baldas das seguintes medidas: tres de 0'57 x 0,27m. e seis de 0'27x 0,27m. Os comercios de téxtil poderán levar, se así o desexaran, dous burros, maniqués ou bustos para exhibir as súas prendas ,sempre que poidan ubicalos dentro do espazo que se lles adxudicará e que será como máximo para a súa categoría de 3m de ancho e 2m de profundidade. Poñerase tamén a disposición dos comercios de téxtil sete probadores repartidos polo espazo para o uso dos seus clientes.

13. Os comercios pertencentes ás categorías de **calzado** contarán cunha mesa de eco-deseño en cartón de medidas 1'35m x 0,50m e 0,80m de alto, unha cadeira, un mantel cobertor, unha cartela identificativa e unha estrutura expositiva en forma de estantería-casiña de medidas 1'93m. (alto), 1,20m. (ancho) e 0,25m. de profundidade cada balda, cun total de nove baldas das seguintes medidas: tres de 0'57 x 0,27m. e seis de 0'27x 0,27m. Os comercios de calzado poderán empregar un espazo máximo de 2m de ancho e 1,5m de profundidade.

14. Os comercios pertencentes ás categorías de **perfumería e complementos** contarán cunha mesa de eco-deseño en cartón de medidas 1'35m x 0,50m e 0,80m de alto, unha cadeira, un mantel cobertor, unha cartela identificativa e unha estrutura expositiva en forma de estantería-abeto de medidas 1'90m (alto), cinco baldas de 90cm, 71cm, 64cm, 45,5cm e 16,5cm aproximadamente, 22,5cm entre baldas, e 25cm de profundidade cada balda. O espazo máximo total que os comercios de perfumería e complementos poderán ocupar será de 2m de ancho e 1,5m de profundidade.


15. Os comercios pertencentes ás categorías de ***gourmet* e florarías** contarán cunha mesa de catering de medidas 1'20m x 0,60m, unha cadeira, un mantel cobertor, unha cartela identificativa e unha estrutura expositiva en forma de estantería-abeto de medidas 1'90m (alto), cinco baldas de 90cm, 71cm, 64cm, 45,5cm e 16,5cm aproximadamente, 22,5cm entre baldas, e 25cm de profundidade cada balda. O espazo máximo total que os comercios *gourmet* e florarías poderán ocupar no Pazo será de 2m de ancho e 1,5m de profundidade.

16. Medidas e imaxes de referencia das estruturas expositivas:



ESTRUTURA EXPOSITIVA EN FORMA DE ESTANTERÍA-CASIÑA

- Alto: 1'93m.
- Ancho: 1,20m.
- Ocos:
 - *Tres ocos de 0'57 x 0,27m
 - *Seis ocos de 0'27x 0,27m.
 - *Profundidade: 0,25m.



ESTRUTURA EXPOSITIVA EN FORMA DE ESTANTERÍA-ABETO

- Alto:1'90m
- Baldas:
 - * Distancia entre baldas: 22,5cm
 - * Profundidade: 25cm
 - * Cinco baldas de 90cm, 71cm, 64cm, 45,5cm e 16,5cm de largo aproximadamente cada unha delas



MESA

- Alto: 0'80.
- Ancho: 1,35m.
- Largo/Profundidade: 0'50,

17. Os comerciantes poderán visitar a localización días antes do evento e baixo cita previa coa Organización no día que esta determine, para coñecer o espazo adxudicado e planificar a súa exposición.

18. Os comerciantes non poderán levar estruturas expositivas a maiores salvo necesidade xustificada e co consentimento previo da Organización que reclamará, de darse o caso, fotografía, medidas e características do elemento en cuestión.

19. A Organización deseñará material promocional (cartelería, *flyer* informativo, etc.) que será distribuído entre os comerciantes para que estes poidan repartir entre os seus clientes.

20. Os participantes poderán promocionar os seus comercios, produtos, prendas e coleccións ofertando agasallos a sortear entre os visitantes, debendo especificalo no formulario de inscrición no momento de solicitar a participación na acción.

21. Os participantes correspondentes a tendas *gourmet*/alimentación poderán promocionar os seus comercios e produtos a través de degustacións, debendo especificalo no formulario de inscrición no momento de solicitar a participación na acción.

22. A Organización deseñará para a actividade un programa de man co listado final de comercios participantes, espazos habilitados no Pazo San Lorenzo e axenda de actividades e servizos complementarios que será repartido entre os comerciantes para que estes poidan distribuír entre os seus clientes.

23. A Organización actualizará o perfil da iniciativa ***Estrea Estilo!*** nas redes sociais *Facebook* e *Twitter* co obxecto de promocionar a actividade e aos seus participantes. Para este efecto solicitaraselle aos comerciantes material gráfico das súas tendas e das novas coleccións que exhibirán na xornada, e que deberán ter preparado dende o momento da pre-inscrición para enviar á Organización cando esta así o requira.

24. A organización proverá aos participantes finalmente seleccionados de vales para servizos complementarios de beleza que entregarán a modo de agasallo aos clientes que efectúen unha compra no seu espazo, sen establecer para elo importe mínimo de compra. Os visitantes da xornada poderán acceder a estes servizos segundo dispoñibilidade entregando o seu vale.

Obrigas dos participantes:

1. Os comercios seleccionados para formar parte da iniciativa decorarán o seu posto e exhibirán as súas coleccións, pezas e produtos atendendo estritamente ás necesarias restricións de espazo e aos criterios de harmonía, estética, orde e orixinalidade na exposición, sempre velando pola vistosidade máis que polo volume na exposición, co ánimo de sorprender gratamente aos visitantes e non saturar o espazo. Neste sentido a Organización resérvase o dereito a supervisar a distribución estética e a colocación do produto dos diferentes comercios, ofrecendo asesoramento e consello de cara á mellor rendabilización do espazo e atractivo do mesmo.

2. A Organización non se fará responsable de posibles danos ou desperfectos causados polo comerciante ao Pazo San Lorenzo e aos seus espazos, mobiliarios e infraestruturas interiores e exteriores, tendo este que abonar os desperfectos, no caso de que así se produciran, segundo o custe que Pazo San Lorenzo estableza para os danos.

3. Os comerciantes faranse responsables do material cedido pola Organización e deberán abonar o importe correspondente no caso de que sufra calquera dano, perda ou desperfecto. Dito importe ascenderá a:

- 70 € + IVE no caso de ser danadas ou extraviadas as estruturas expositivas tipo estantería en forma de abeto ou casiña ou a mesa de ecodeseño en cartón que se lles prestará aos comerciantes.

- 45 € + IVE no caso de ser danada ou extraviada a mesa de *catering* que se lles prestará aos comerciantes das categorías *gourmet* e florarías.

4. As caixas ou maletas que utilicen os comerciantes para o transporte dos produtos e/ou prendas a expoñer e vender ata os espazos asignados dentro do Pazo, quedarán gardadas nos seus vehículo ou nun lugar non visible para o público visitante, de forma que se favoreza a orde e estética do evento.

5. Os comerciantes deberán atender estritamente aos horarios de apertura e peche da xornada **Estrea Estilo!**, así como aos horarios de montaxe e desmontaxe dos espazos, que a organización confirmará no seu momento, e que se estiman da seguinte maneira:

- Montaxe: mañá do domingo 11 de maio de 9h. a 11h.

- Desmontaxe: domingo día 11 de maio de 21h a 22:30h.

- Horario de apertura ao público domingo 11 de maio: de 11h. - a 21h.

6. Non estará permitido desmontar, pechar, ou deixar desatendido o espazo de cada comerciante antes da hora de recollida: as 21 h. do domingo 11 de maio.

7. Os comerciantes encargaranse de atender o espazo asignado (xa sexa o propietario persoalmente, ou unha persoa designada e autorizada expresamente por el/ela para quedar ao cargo). Se desatenderan o seu espazo será baixo a súa propia responsabilidade, non facéndose cargo a Organización de calquera falta, roubo ou dano nas pertenzas dos comerciantes.

8. Os comerciantes finalmente seleccionados, comprométense a facilitar información sobre o seu comercio e a aportar, cando así se lles requira, imaxes das súas coleccións e tendas, e autorizar a súa publicación nas redes sociais e nos medios de comunicación coa fin de promocionar os seus comercios e o propio evento.

9. Así mesmo, o comerciante autoriza a captación de material gráfico e audiovisual das súas coleccións, establecementos, espazos na xornada **Estrea Estilo!** e de si mesmo antes e durante o evento, e cede os dereitos de imaxe de todo o material gráfico e audiovisual que se realice coa fin de promocionar a iniciativa.

10. Os comercios participantes comprométense a participar e colaborar cordial e activamente no desenvolvemento de cada unha das accións de *Estrea Estilo!*.

11. A participación na actividade *Estrea Estilo!* implica a aceptación íntegra das presentes bases e das decisións que adopte a Organización na súa interpretación, e naqueles aspectos non previstos que poidan xurdir antes, durante e despois do evento comprometéndose a adaptarse a posibles cambios sobrevidos.